# NOTA INFORMATIVA BOLSAS ERASMUS+

O Sepie (Servizo Español para a Internacionalización da Educación) informan a este centro que:

A Comisión Europea con data 30 de xaneiro fai público un comunicado no que afirma que protexerá os dereitos dos participantes no programa Erasmus+ tras a saída do Reino Unido o próximo 30 de marzo de 2019 no caso de que no se chegue a acordo:

"***Protección dos dereitos dos participantes en Erasmus+***

*Erasmus+ é un dos programas emblemáticos da UE. A 30 de marzo, serán 14.000 os mozos da EU-27 (incluídos estudantes, estudantes en prácticas de educación superior e de educación e formación profesionais, educandos novos e persoal educativo) que se atopen no Reino Unido grazas ao programa Erasmus+ e 7.000 os participantes do Reino Unido que se atopen na EU-27. Nun «escenario sen acordo», non poderían completar a súa estancia e deixarían de reunir as condicións para poder optar a estas bolsas. A proposta de hoxe ten por obxecto remediar esta situación garantindo que, en caso de producirse este escenario, os estudantes e os bolseiros que estean no estranxeiro grazas a Erasmus+ no momento da retirada do Reino Unido poidan completar os seus estudos e seguir recibindo os fondos ou bolsas pertinentes.*"NO

Cofinanciado por el programa Erasmus+ de la Unión Europea